



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027

ESTRATEGIA GALICIA DIXITAL 2030

Balance 2025

Edita:

Xunta de Galicia.

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA.

Os textos deste documento distribúense baixo licenza Creative Commons Atribución
– Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en:

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.g>

Notas sobre as imaxes:

As imaxes incluídas neste documento proceden dos seguintes servizos e polo tanto non se distribúen baixo a licenza CC BY-SA 4.0, senón baixo as condicións das súas propias licenzas, que se poden consultar nas seguintes ligazóns:

<https://unsplash.com/es/licencia>

<https://www.magnific.com/es>

<https://www.flaticon.es/>

<https://iconmonstr.com/>

Santiago de Compostela. Ano 2026

Contidos

INTRODUCCIÓN

1. PRINCIPAIS RESULTADOS 2025

I. Fitos e logros acadados, segundo os Eixes estratéxicos e Programas

- 1.1.1. Goberno e Administración Intelixente
- 1.1.2. Sociedade Dixital e Inclusiva
- 1.1.3. Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social
- 1.1.4. Territorio Intelixente, Verde e Resiliente
- 1.1.5. Conectividade Dixital do Territorio
- 1.1.6. Cultura e Turismo Intelixente
- 1.1.7. Economía Dixital e Sostible
- 1.1.8. Especialización Tecnolóxica

2. INICIATIVAS DESTACADAS ADAPTADAS A NOVOS ESCENARIOS

I. Principais logros e avances

3. ADAPTACIÓN DA EGD2030

I. Actualización das metas

4. INVESTIMENTO MOBILIZADO

I. Investimento distribuído por Eixes estratéxicos



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) naceu como o **marco común de referencia** para impulsar a **transformación dixital** da Administración galega, aliñado coas prioridades europeas e nacionais, e sustentado nun modelo de gobernanza colaborativo que integra ás administracións públicas, ao tecido empresarial, ao ámbito investigador e á cidadanía.


Esta estratexia naceu para dar **resposta aos retos** aos que se enfrontaba Galicia no **horizonte 2030**, aproveitando as oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais para situar a Galicia como rexión intelixente de referencia en Europa nas tres vertentes: social, económica e medioambiental.

Para acadar os seus obxectivos, a EGD2030 estrutúrase ao redor de:

- **7 eixes estratéxicos**, orientados á potenciación do deseño e posta en marcha de solucións dixitais que dean resposta aos retos rexionais en materia de dixitalización.
- **1 eixe transversal**, centrado na promoción da especialización tecnolóxica do territorio.
- **20 programas operativos**, a través dos cales desenvólvense cada un dos eixes definidos.
- **1 Marco de Gobernanza dixital**, que asegura un liderado compartido coa totalidade dos axentes públicos e privados.

Tras 10 anos de políticas tecnolóxicas en Galicia — primeiro coa Axenda 2014.gal e despois coa Axenda Dixital de Galicia 2020—, a EGD2030 tomou o relevo para enfocarse no horizonte 2030

Figura 1. Estrutura estratéxica da EGD2030



Fonte: Estratexia Galicia Dixital 2030

A EGD2030 enmarcou nun **horizonte temporal de dez anos**, o que fai necesaria unha supervisión e avaliación continua da consecución dos seus obxectivos e metas.

Cumprido o ecuador, resulta oportuno realizar unha **análise rigorosa e integradora** do percorrido desenvolvido ata este 2025.

O **período 2021-2025** caracterízase por unha profunda **evolución do contexto tecnolóxico, normativo e socioeconómico**, cunha progresiva relevancia de ámbitos como a intelixencia artificial, a xestión do dato, a ciberseguridade ou os servizos dixitais centrados na cidadanía.


Neste escenario dinámico, a EGD2030 confirmou o seu carácter de **estratexia viva, capaz de adaptarse aos novos escenarios** e de incorporar os cambios derivados tanto das políticas europeas como das iniciativas estatais e autonómicas en materia de dixitalización.

O **Balance 2025** permite **avaliar o grao de avance da transformación dixital**, valorar o impacto das actuacións despregadas e orientar a toma de decisións cara á fase final do horizonte 2030.

Este Balance ofrece unha visión dos **resultados acadados** nos oito eixes estratéxicos da EGD2030, así como do funcionamento dos seus programas operativos e dos mecanismos de seguimento e avaliación.

A **análise dos indicadores** de resultado e de impacto, xunto coa observación das tendencias emerxentes, constitúe unha base sólida para axustar prioridades, reforzar aquelas liñas de actuación con maior potencial transformador e asegurar que a **dixitalización** continúe sendo un **instrumento efectivo de competitividade, cohesión social e benestar** para o conxunto da sociedade galega.

Figura 2. Aliñamento estratéxico da Estratexia Galicia Dixital 2030



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Estratexia Galicia Dixital 2030



1. PRINCIPAIS RESULTADOS 2025

1.1.- Fitos e logros acadados, segundo os Eixes Estratéxicos e Programas

1.1.-FITOS E LOGROS ACADADOS, SEGUNDO OS EIXES ESTRATÉXICOS E PROGRAMAS

A evolución da EGD2030, e os logros en cada un dos programas estratéxicos, incide nunha **redución da fenda dixital** e impulsa unha maior **alfabetización tecnolóxica** que redonda nunha **sociedade máis igualitaria, cohesionada e preparada** para aproveitar as novas oportunidades ligadas ás tecnoloxías emerxentes.


Para medir a eficacia destes programas, a Xunta de Galicia apóiase nos Informes e **Indicadores** publicados polo **INE** (Instituto Nacional de Estadística), o **IGE** (Instituto Galego de Estatística) e o **OSIMGA** (Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia).

A continuación, preséntanse os avances acadados en cada un dos eixes estratéxicos da EGD2030.

Figura 3. Áreas de actuación da EGD2030



Figura 4. Eixes estratéxicos da EGD2030



Fonte: Elaboración propia a partir da EGD2030

Eixe 1

GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

A transformación dixital da administración, cada vez máis dixitalizada e apoiada nunha xestión intelixente do dato, continúa o seu rumbo coa mellora e a ampliación dos seus sistemas e capacidades.

Neste senso, o “Plan de dixitalización de procedementos 2025-2027” dá continuidade ao “III Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025”, aprobado no 2022, co obxectivo de consolidar a capacidade da administración pública de desenvolver a súa actividade e os servizos cara á cidadanía nunha contorna plenamente dixital, dun xeito máis eficiente e abordando o seu funcionamento baixo un enfoque centrado na cidadanía.

Neste eido son importantes as actuacións levadas a cabo en sistemas e aplicacións como XuntaEu ou a consolidación da Plataforma de Automatización de Procesos (RPA), a renovación integral da Sede electrónica ou as novidades da Carpeta cidadá.

Tamén se puxo foco en desenvolver o Sistema de Información Tributario, para adecualo á normativa tributaria vixente e acadar maior eficiencia.

Continuouse a traballar no seo do “III Plan TIC de sistemas e tecnoloxías da información. Senda 2025” e na evolución do “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do empregado público”.



1.1.1.- Goberno e Administración Intelixente

P1. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

No 2025 destacan os seguintes fitos:

- ✓ Adxudicouse a elaboración da **"Estratexia do Dato do Sector Público Autonómico"**.
- ✓ Novo deseño da **Sede Electrónica da Xunta de Galicia**. Entre os cambios máis salientables está o **redeseño do espazo privado** de cada persoa desde o que se accede á Carpeta cidadá, a posibilidade de realizar **presentacións electrónicas con certificados electrónicos nos dispositivos móbiles** ou a posta en marcha dunha nova **"carpeta profesional"** con servizos específicos.
- ✓ Posta en marcha da **alta en Chave365 utilizando Cl@ve**.
- ✓ **App Móbil XuntaEu**: no 2025 destaca a posibilidade de achegar documentación aos expedientes dispoñibles na Carpeta Cidadá, e a habilitación de WhatsApp como canle de comunicación

para resolver dúbidas técnicas.

- ✓ **PasaXe!**: continuouse coa evolución **de interoperabilidade** de datos e documentos (PasaXe!) e coa evolución funcional e técnica dos **sistemas transversais**, dos **sistemas de tramitación corporativos** e da **plataforma**.
- ✓ Consolidouse a infraestrutura e procedementos de goberno e operación da **Plataforma de Automatización de procesos (RPA) na Xunta de Galicia**, incorporando novas capacidades. Á fin de 2025, na Plataforma de Automatización están habilitadas **29 automatizacións**.

Xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia e económico-financeira e contable

Para mellorar o control e a xestión tributaria, continuouse coa evolución do sistema de información tributaria **Xeito** nas distintas áreas funcionais da ATRIGA. Entre os principais avances: levouse a cabo a Integración completa das Zonas de Recadación, está en proceso a Integración coa

TGSS e INSS e completado o desenvolvemento da Integración coa DGT.

Na Oficina Virtual Tributaria (OVT) destacan a ampliación das opcións de pagamento, novos servizos de xestión de embargos por pagadores de soldos, salarios e prestacións e unha nova canle de teleatención á cidadanía por videochamada (Videoatención).

Ademais, deuse continuidade á implementación dun sistema de analítica avanzada para o control e **detección de fraude** tributaria para a Atriga, e á implantación de melloras no **sistema contable XUMCO**.

Relación da Administración co tecido empresarial e industrial

Desenvolveuse o **Mapa Industrial de Galicia**, cun visor de parques industriais e establecéronse melloras na **Plataforma do Rexistro Único Empresarial (RUE)**.

Xestión dixital da vivenda

Ademais da adaptación da tramitación a través de PasaXe! de distintas consultas na **xestión de subvencións de rehabilitación**, ampliáronse os sistemas para a xestión de axudas do Plan Estatal de Vivenda 2022-2025.

Figura 5. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.1.- Goberno e Administración Intelixente

P2. PROGRAMA PARA O EMPREGO PÚBLICO DIXITAL

A finalidade deste programa é acadar a dixitalización completa e eficiente dos procesos relacionados co emprego público: planificación, selección e provisión, avaliación e xestión.

Dando continuidade ao “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público”, no 2025 leváronse a cabo:

- ✓ Execución dos plans de dotación de medios no que afecta a: medios en posto de traballo (**3.152 postos de traballo evolucionados**, o 16% do total de postos, e **2.592 postos novos**), medios de impresión (3.346 equipos xestionados), medios en espazos comúns (bibliotecas, museos, centros de formación, escolas infantís...) ou escritorios virtuais VDI (virtual desktop infrastructure).
- ✓ Coordinación das políticas e procedementos no ámbito do inventario, monitorización, securización e xestións dos medios en posto de traballo.

- ✓ Impulso ás primeiras iniciativas piloto de adopción de solucións avanzadas de colaboración e de **asistentes virtuais de intelixencia artificial** aplicadas ao posto de traballo.

Sistemas de xestión do emprego público

FIDES reforzou o seu papel como canle dixital do emprego público e consolidouse como punto único de relación electrónica con profesionais e aspirantes.

No 2025 foron especialmente relevantes as tarefas encamiñadas á **tramitación completa de procesos selectivos**, as modificacións na aplicación de Traslados para dar soporte a novas bases publicadas en relación ao baremo, a adaptación do sistema de listas de contratación para obter os procesos selectivos con exames aprobados ou melloras no sistema de citacións electrónicas.

Acreditación dixital do persoal empregado público

A Amtega conta con **Puntos de Acreditación Dixital (PAD)** nas 7 principais cidades de Galicia e dispón

tamén de PAD móbiles que se desplazan a distintas ubicacións administrativas fóra destas cidades para facilitar medios de acreditación dixital.


A finais de 2025 o número de certificados electrónicos é de 35.143 e substituíronse máis de 1.250 tarxetas como parte do proceso de **renovación das tarxetas de emprego público**.

Para axilizar os procesos e reducir o esforzo da acreditación, incorporouse a Implantación dun **sistema de vídeo identificación** para a verificación da identidade dos titulares dos certificados, ou as emisións de certificados na nube.

Sistemas de xestión de recursos humanos

Durante 2025 mellorouse o sistema de Relacións de Postos de Traballo, a **xestión do teletraballo**, avanzouse na renovación funcional e tecnolóxica do sistema de xestión de persoal, e púxose en marcha un piloto en colaboración coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal en relación ao Sistema de planificación e seguimento das Ofertas de Emprego Público (OEP).

Figura 6. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.1.- Goberno e Administración Intelixente

P3. PROGRAMA DE DIXITALIZACIÓN DA XUSTIZA

Durante o 2025, as liñas de traballo estiveron enfocadas á evolución dos sistemas e **servizos dixitais da administración de xustiza**, mellorando a relación cos profesionais, e especialmente a atención ás vítimas de delitos e cidadanía en xeral. Seguiuse avanzando na consolidación do **Expediente xudicial electrónico (EXE)** e fortaleceuse o soporte ao **posto de traballo** e a atención ás persoas usuarias.

Completouse a implantación do **novo modelo de Rexistro Civil** en Galicia, que abrangue un total de **45 oficinas xerais e 268 oficinas colaboradoras**, cunha cobertura integral en todo o territorio galego.

Implantouse a **Nova Sede Xudicial Electrónica** (canle de comunicación electrónica entre a cidadanía e a Administración de Xustiza), que garante o pleno cumprimento das obrigas establecidas polo Real Decreto-lei 6/2023. Ademais, habilitouse unha

nova canle de atención directa mediante WhatsApp, que permite ao usuario realizar consultas ou trasladar os problemas que xurdan sobre o funcionamento da sede de forma sinxela e rápida.

Renovouse o portal xustiza.gal na súa totalidade, cun deseño e base tecnolóxica común á Sede xudicial electrónica e completouse a implantación do envío de **notificacións electrónicas** a persoas físicas e xurídicas a través de **Notific@, DEHú** e comparecencia en sede xudicial electrónica, cun total de 221.252 notificacións electrónicas nese período.


Levou a cabo a incorporación do **novo explorador do EXE (VIAEXE)**, un visor intelixente que facilita localizar información e ler o contido do expediente. A isto únense novas funcionalidades no VisorEXE para ampliar e facilitar o acceso ao expediente e mellorar a experiencia de uso, especialmente adaptadas á nova organización (Tribunais de Instancia e Oficinas Xudiciais).

Continuouse coa automatización do **índice electrónico** e da

xestión/compartición do expediente, reducindo tarefas repetitivas e descargando traballo ás oficinas. A finais de 2025, **153.862 expedientes teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos 55.894 que o tiñan a finais de 2024.**

En 2025, o proceso de **renovación de postos** no colectivo de persoal funcionario, co modelo de posto dixital avanzado con capacidades de mobilidade, renovou ou dotou un total de 2.057 equipos e ampliouse o número de persoas usuarias do sistema de **escritorios virtuais (VDI)**, ata acadar os 3.888 usuarios.

Figura 7. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.1.- Goberno e Administración Intelixente

P4. PROGRAMA DE MELLORA DAS CAPACIDADES E INFRAESTRUTURAS DIXITAIS DAS AAPP

Durante 2025 desenvóléronse actuacións clave orientadas a garantir a continuidade operativa, a escalabilidade e a evolución das infraestruturas corporativas de almacenamento e backup da Xunta de Galicia, reforzando a súa capacidade de resposta ante as novas necesidades de servizo e incrementos de demanda.

Leváronse a cabo tarefas de xestión e supervisión da **seguridade corporativa** da Xunta de Galicia e realizouse o seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal.

Renovouse e ampliouse a **infraestrutura de computación** dos CPDs con equipamento de última xeración e reforzáronse as capacidades técnicas dos equipos de Sistemas, especialmente en contedores e automatización.

No eido das **Arquitecturas de**

aplicacións e Calidade, fixéronse 50 incorporacións de estándares e procedementos.

En canto á **Estratexia Cloud da Xunta de Galicia**, continuouse coa evolución e consolidación do modelo de gobernanza do cloud privado da Amtega e formalizáronse contratos derivados do Acordo Marco de servizos de cloud pública. Asimesmo, publicouse o modelo de gobernanza para proxectos de cloud pública en AMTEGA.

No tocante ás medidas de soporte e **evolución das Redes Corporativas**, continuouse incrementando o ancho de banda dos centros conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia, pasando dunha velocidade media de 995,46 Mbps a acadar unha velocidade media de 997,02 Mbps.

Continuouse coas liñas estratéxicas establecidas na **Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030** e no **Plan Director de Seguridade** para o período 2024-2027.

Realizáronse 73 novas actividades no **Nodo galego de ciberseguridade Ciber.gal** e adheríronse 7 novas entidades ao Nodo.


Dentro do **Proxecto RETECH Ciberseguridade**, destacan a licitación do **Laboratorio transversal CECIGA** e a sinatura dun convenio con Emprego para a execución de actuacións dentro do proxecto.

O emprego das ferramentas de atención ás **persoas usuarias dos servizos da administración** (CAU, CSU Xustiza, UAC Educación ou a app **AxudoT**) seguiu medrando. Neste ano 2025, consolidouse a adaptación dos centros de atención derivadas do pulo da canle de autoservizo, do aumento dos procesos de auto-resolución, e da incorporación de novos ámbitos de actuación.

Entre as novidades cómpre destacar:

- ✓ A Implantación de **WhatsApp coma nova canle de contacto** coa cidadanía para o soporte técnico da aplicación XuntaEu e da Sede Electrónica.
- ✓ A posta en marcha un **proxecto piloto de videoidentificación** para a emisión da tarxeta de empregado público, que permite realizar o trámite integramente en liña.

Figura 8. Principais datos e logros acadados no 2025



Eixe 2

SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA

A Xunta de Galicia renova cada ano o seu esforzo en materia de inclusión dixital, perseguindo facilitar a adquisición de coñecementos TIC a toda a cidadanía e reducir a fenda de acceso ás tecnoloxías dixitais.

Para favorecer esta inclusión, a Rede de Centros para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT) continuou a desenvolver un papel fundamental, implementando iniciativas para facilitar a adquisición de coñecementos e competencias dixitais a través da formación presencial e online.

No ámbito educativo, Galicia situouse nos últimos anos como rexión pioneira, grazas en parte ao traballo

realizado no seo do programa Abalar, enfocado a transformar as aulas tradicionais en espazos dixitais, contando coa implicación de toda a comunidade educativa. Ademais, grazas á iniciativa E-Dixgal, cada vez e máis numeroso o alumnado que recibe unha educación completamente dixital.



1.1.2.- Sociedade dixital e Inclusiva

P5. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

O obxectivo deste programa é favorecer, promover e fomentar unha cidadanía capacitada dixitalmente para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, con especial foco entre os colectivos máis vulnerables.

No ámbito do **Marco Galego de competencias Dixitais** (MGCD), no 2025 elaborouse un borrador para a revisión do decreto de regulación do Marco, para incorporar os cambios organizativos necesarios tralos primeiros anos de execución do proxecto e formalizouse un novo convenio de colaboración coa maioría das restantes comunidades autónomas.

Nas **Plataformas tecnolóxicas e contidos dixitais** para o MGCD, evolucionáronse as canles para a súa execución e elaboráronse novos contidos para a capacitación en competencias dixitais.

No relativo á **capacitación dixital do persoal empregado**,

desenvolvéronse 152 accións formativas en diversas materias: administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática.

Nos **sistemas de apoio aos programas de Formación en Rede**, impulsáronse os espazos dixitais para a capacitación e aprendizaxe a través da plataforma corporativa de e-learning **PLAFOR**. A plataforma rexistrou 35.556 persoas con actividade (+5% respecto ao ano anterior), cun total de **2.913 cursos activos**.

O **portal de teleformación da Lingua Galega en PLAFOR** converteuse no 1º portal autonómico en convocar probas en liña para a obtención dunha certificación oficial de idioma, o CELGA 4, aplicando técnicas avanzadas de proctoring para evitar a suplantación de identidade e garantir que se faga sen axudas externas, proba á que puideron optar 100 aspirantes dende o seu domicilio.

Rede de Aulas CeMIT

A través da Rede de Aulas CeMIT, enmarcadas no novo Plan DigiTalent

2030, lévanse a cabo numerosas actuacións enfocadas a formar e informar sobre os distintos usos da tecnoloxía. O ano 2025 pechou con **645.459 horas** planificadas de **formación** e **127.335 persoas usuarias**.

Un 32% destes usuarios son maiores de 55 anos (41.079 persoas). En relación a isto, púxose en marcha unha nova iniciativa **“Canal Sénior na Rede CeMIT”** en colaboración co aliado dixital Fegaus.

Certificación galega en competencias dixitais (ComDix)

Realizáronse 3 edicións de probas no nivel Iniciación e 2 para nivel intermedio.

Como novidade neste 2025 levouse a cabo a **primeira convocatoria do curso titorizado en Competencias Dixitais** con aproveitamento activo no **nivel Iniciación**, que acredita oficialmente as competencias adquiridas neste nivel formativo, e dá dereito á certificación ComDix de nivel Iniciación.

Figura 9. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.2.- Sociedade dixital e Inclusiva

P6. PROGRAMA DE EDUCACIÓN DIXITAL

Os proxectos dixitais en centros educativos requiren dunhas infraestruturas e dotación TIC adecuadas para a posta en práctica dunha educación dixital de calidade. Nesta liña, o obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora.

No ano 2025 deuse un importante impulso aos proxectos de dotación a centros educativos, destacando especialmente a dixitalización das aulas do ensino público. En total a **inversión en material TIC** destinado a centros educativos foi de **4,5 millóns** de euros.

No eido do **proxecto EDixgal**, a totalidade das aulas adscritas ao proxecto Edixgal contan cun panel dixital interactivo, dotado dun módulo OPS integrado ou dun portátil asociado a cada panel.

O Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) de Edixgal está orientado a

facilitar o acceso do profesorado e do alumnado a contidos educativos dixitais, servir como espazo centralizado de traballo docente e de aprendizaxe do alumnado, garantir a continuidade pedagóxica e metodolóxica en contornas dixitais, integrar procesos de comunicación, avaliación e seguimento académico. No 2025 contabilízanse **10.460 docentes e 62.165 alumnos/as matriculados neste EVA**.

Ao longo do ano 2025, a **aplicación abalarMóbil** experimentou un notable crecemento no número de persoas usuarias, cun incremento aproximado de **46.000 novos usuarios**, superando os **536.000 usuarios activos**. Este aumento consolida a aplicación como unha das principais canles de comunicación entre os centros educativos e as familias. Durante o exercicio levouse a cabo unha renovación significativa da aplicación, destacando as melloras na funcionalidade de mensaxería, que permitiron ampliar a interacción entre o profesorado das especialidades de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) e as persoas responsables do alumnado.



abalar
Móbil

548.855
persoas rexistradas

+49 millóns
accesos rexistrados

+3,2 millóns
correos electrónicos
enviados

7,9 millóns
notificacións push
remitidas



Equipamento
TIC


66.930
netbooks Edixgal
destinados ao alumnado

15.245
aulas dixitalizadas
cun panel dixital
interactivo e PC (MRR)

5.223
portátiles Edixgal
para o profesorado

15.957
paneis dixitais
interactivos
instalados nos
centros educativos

Figura 10. Principais datos e logros acadados no 2025



Eixe 3

ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL

O obxectivo do sector sanitario de Galicia é continuar a desenvolver un modelo sociosanitario personalizado, predictivo e preciso, no que todos os axentes que participan do mesmo traballen dun modo coordinado e as persoas se sintan seguras, autónomas e saudables.

Entre outras actuacións, continúaase a traballar na mellora, evolución e implantación de novos servizos en aplicacións como Sergas Móbil ou E-saúde, ou a utilización de solucións baseadas na IA para aplicar en determinados ámbitos da saúde.

No ámbito residencial, seguiuuse co plan de implantación da ferramenta de Historia Clínica (IANUS) en centros

residenciais de maiores e discapacitados de calquera tipoloxía e co desenvolvemento de solucións que faciliten a comunicación residente-enfermería, ou a monitorización dixital da actividade dos residentes nos centros de atención residencial.



1.1.3.- Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social

P7. PROGRAMA DE IMPULSO A UNHA SANIDADE PREDITIVA E PERSONALIZADA

O sistema sanitario de Galicia está a avanzar cara a un **modelo intelixente de atención sanitaria**, caracterizado pola súa orientación á **personalización**, á **individualización** e á **adaptación ás necesidades** de pacientes, familiares e persoas coidadoras. Esta transformación dixital susténtase na adopción intensiva de tendencias tecnolóxicas e na implantación de modelos baseados en datos, orientados á mellora dos procesos de diagnóstico, tratamento e curación de enfermidades, así como á mitigación dos riscos para a saúde e ao reforzo da sustentabilidade do sistema sanitario.

Así, impúlsase un modelo baseado na **Dixitalización integral** do sistema sanitario, no **uso intensivo de datos e da IA**, e na **mellora da experiencia doente-profesional**. Dentro dos proxectos desenvolvidos no SERGAS, destacan:

- ✓ A implantación de **novos servizos en Sergas Móbil** (descargada por máis do **65%** da poboación), **É-saúde** e **nos PIM** (Puntos de Información multimedia).
- ✓ A posta en marcha do **sistema de xestión de análises xenómicas (Xénica)** integrado cos fluxos asistenciais e obxectivos do programa Xenoma Galicia.
- ✓ **Implantación de solucións de análise de imaxe médica mediante IA** no ámbito do radioloxía.
- ✓ Desenvolvemento dunha **app e de algoritmos avanzados** para o descubrimento de patróns en pacientes diabéticos.
- ✓ Automatización de procesos a través unha **plataforma RPA**.
- ✓ Integración na Historia Clínica de **novos dispositivos** de cardioimplantables, medición da glucosa, terapias respiratorias e diálises domiciliarias.
- ✓ Desenvolvemento dun **sistema de xestión de competencias** (A6PROF) e despregamento da **Plataforma de xestión do coñecemento SHARE** integrada na Historia Clínica.
- ✓ Levouse a cabo do despregamento de **IANUS5**, a última actualización da solución de Historia Clínica Electrónica.


Canles dixitais para a cidadanía



Máis do 65%
da poboación descargou a app Sergas Móbil

Novos servizos
en Sergas Móbil, É-Saúde e nos Puntos de Información Multimedia (PIM)

Figura 11. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.3.- Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social

P8. PROGRAMA DIXITAL DE BENESTAR INTEGRAL

No ámbito de **atención á dependencia e á discapacidade**, déuselle soporte ás **modificacións normativas introducidas nos procedementos de dependencia e discapacidade**, que pasaron a ter solicitude conxunta e escenarios de tramitación coordinada, abordándose un intenso escenario de **evolución dos sistemas de xestión** (SIGAD e CENDIS), incluíndo o desenvolvemento progresivo dunha API de integración entre ambas aplicacións.

Definiuse e iniciouse o desenvolvemento do novo **escenario de coordinación do Informe de condicións de saúde de dependencia con Sanidade**, operándose durante todo o ano solución alternativa para garantir a non necesidade de achega polo solicitante.

Completouse a execución da licitación de equipamento tecnolóxico para o **servizo de teleasistencia domiciliaria** da

Xunta de Galicia.

Adicionalmente, tivo continuidade a execución e consolidación do **sistema de xestión de centros de Política Social (CENPOS)** e da terceira fase do **sistema analítico corporativo de referencia (BIPOS)**.

Completouse a execución do proxecto de implantación dunha **solución de comunicación residente-enfermeira** e dunha **solución de monitorización da actividade do residente**, de parámetros de confort e da seguridade das persoas residentes en residencias de maiores.

Implementáronse novas funcionalidades e servizos nos **sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión** (pensión no contributiva PNC, RISGA, axudas de inclusión social AIS...) e nos **sistemas de información de xestión**, de familia e menores (MENOR, Escolas infantís, Bono concilia, SIFAM...).

Consolidouse a nova aplicación de soporte ao rexistro de **Familias Monoparentais**.

Iniciouse o desenvolvemento dunha nova aplicación específica para o


soporte da actividade **dos Puntos de Encontro Familiar (PEF)**.

Arrancouse a quinta fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, con novidades como a pilotaxe e implantación do **novo módulo de xestión para departamentos de traballo social** dos concellos, a posta en marcha de novas unidades de **Atención temperá** ou completando o desenvolvemento da versión inicial da aplicación e a súa posta en marcha con todos os colectivos profesionais da **FUNGA**.



Completada a execución da licitación de equipamento tecnolóxico para o **servizo de teleasistencia**

Figura 12. Principais datos e logros acadados no 2025



Eixe 4

TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE

O coñecemento do territorio segue sendo un elemento fundamental á hora de xestionar e optimizar a súa ordenación. Ao longo de 2025, avanzouse de forma significativa no despregamento da Plataforma Territorio Intelixente, renováronse e evolucionáronse os mapas e rexistros cartográficos, deuse impulso ao proxecto “Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en xemelgos dixitais” no marco da iniciativa RETECH e iniciouse o desenvolvemento do sistema transversal de xeocodificación do territorio.

No eido da innovación para a

potenciación do medio rural e do mar, así como no ámbito da sostibilidade ambiental, seguiu-se unha liña de continuidade no proxecto Agro 4.0 ou a Plataforma Galega de Información Ambiental, GaIA.

Co obxectivo de incrementar a capacidade de resposta dos servizos de detección, prevención e xestión de riscos, despregouse a rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia e continuouse a traballar na evolución da ferramenta Xeocode, unha tecnoloxía que aproveita a Intelixencia Artificial, o Big Data e as imaxes en tempo real para previr e paliar incendios.



1.1.4.- Territorio Intelixente, Verde e Resiliente

P9. PROGRAMA DE XESTIÓN TERRITORIAL INTELIXENTE

O principal propósito deste programa é desenvolver **novas solucións dixitais** que permitan aproveitar as oportunidades existentes na rexión en materia de **xestión e coñecemento do territorio**.

Os principais avances no 2025 están vinculados ao ámbito dos sistemas de información xeoespacial e especificamente á **Plataforma Territorio Intelixente**, coa incorporación de novas capacidades tecnolóxicas nos sistemas xeoespaciais corporativos, entre as que destacan a **intelixencia artificial**, a **internet das cousas** (IoT) e o **big data**.

En relación ao **despregamento da plataforma soporte de xemelgos dixitais**, puxéronse en marcha catro pilotos de xemelgos dixitais, no marco da **iniciativa RETECH**. Igualmente, habilitouse un **xeocatálogo** destinado a facilitar a difusión interna e gobernanza dos conxuntos de datos e servizos de

información xeográfica, con quince recursos geoespaciais metadados.

Licitouse e comezou a executarse tamén o servizo de desenvolvemento do **sistema transversal de xeocodificación do territorio**.

No **proxecto EIRA (Espazo de Innovación Rural Aplicada)**: despregouse, xunto con AGADER, o marco de colaboración EIRA orientado a aplicar tecnoloxías intelixentes baseadas no territorio en ámbitos rurais para impulsar a recuperación de terras agrarias, así como o inicio do piloto en dúas aldeas.

Asimesmo, avanzouse no desenvolvemento do **sistema do nomenclátor e de mellora dos sistemas de toponimia**.

Destaca tamén a obtención da **cartografía BTG v1.1 a escala 1:5000** en 80 concellos da provincia de Ourense.

Xestión dixital do ámbito forestal

Durante o 2025 traballouse na consolidación da base técnica e funcional da **xestión dos Instrumentos de Ordenación Forestal (XORFOR)**, reforzando a súa


capacidade para a xestión e tramitación sobre cartografía forestal. Así, no ano 2025, o sistema de **Inventario de Actividade Forestal (INAFOR)** reforzou a calidade, centralización e capacidade de explotación da información forestal.

O **Plan Forestal de Galicia 2021-2040**, titulado "Cara á neutralidade carbónica", é a estratexia aprobada pola Xunta de Galicia que establece as directrices para a xestión sostible dos montes galegos durante as próximas dúas décadas.

Urbanismo e Ordenación do territorio

Durante o ano 2025 iniciouse o desenvolvemento da **Plataforma Urbanística Dixital** de Galicia. Aplicáronse tamén **novas funcionalidades nas aplicacións de xestión de expedientes urbanísticos** (SXEU), o Rexistro de Planteamento Urbanístico de Galicia (REXPLA) e o **tramitador de expedientes da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU)**. Estas actuacións inclúen o mantemento e soporte dos portais web da APLU e de Territorio e Urbanismo (W_OTURB).

Figura 13. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.4.- Territorio Intelixente, Verde e Resiliente

P10. PROGRAMA DE INNOVACIÓN DIXITAL PARA A POTENCIACIÓN DO MEDIO RURAL E DO MAR

Este programa oríentase á xeración de valor no medio rural e do mar mediante a adopción das novas tecnoloxías, perseguindo o desenvolvemento dunha actividade agraria e pesqueira sostible e o aumento da competitividade.

Xestión dixital do medio rural

No ano 2025, o sistema de información **TERREC** consolidouse como ferramenta clave de apoio á xestión dos procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Outra novidade é a posta en marcha do sistema que da soporte á xestión dos procedementos relacionados co **Banco de Explotacións (XESBEX)**.

Púxose en marcha o portal público que permite o acceso a determinada información sen necesidade de autenticación, e do portal específico para a cidadanía, que, previa identificación, facilita a consulta das zonas de

concentración parcelaria e das fincas asociadas a cada persoa interesada. Publicouse tamén o portal WEB de acceso ao **Mapa de usos agroforestais** e arrancou o **módulo de tramitación e xestión das axudas baixo metodoloxía LEADER**.

No referente á **Política Agraria Común**, optimizouse a infraestrutura do sistema de xestión da solicitude única para a **mellora do rendemento e a seguridade** cara a campaña 2026, e implantáronse melloras na xestión económica do organismo pagador en Galicia dos fondos agrarios europeos.

Xestión dixital no mar


No eido do programa **Lonxas Galegas 4.0**, impulsado desde 2018 pola Consellería do Mar e a Amtega, no 2025 acadouse a meta das **53 lonxas e confrarías** cos novos sistemas de comercialización e xestión en funcionamento, con 57 entidades usuarias.

No 2025 destaca tamén:

- ✓ Entrada en funcionamento da nova **Plataforma actualizada de xestión de permisos de marisqueo a pé (MAREX)**.

- ✓ **Novo portal do alumno** no marco da xestión da formación pesqueira.
- ✓ Integración do **sistema SIPMAR** co sistema nacional SIPE para o envío das licenzas de pesca deportiva e integración da licenza en XuntaEU.
- ✓ Impulso e mellora da **aplicación móbil MOVITIC** (integración da pesada nos documentos de transporte).
- ✓ Lanzamento do **laboratorio atlántico SeaLab**, unha plataforma web para a innovación costeira con recursos e ferramentas para a acción local.
- ✓ Construción dos portais e ferramentas de soporte do **Plan da Cultura Marítima de Galicia**, a rematar no 2026.
- ✓ **XECONF** como ferramenta de apoio na xestión das confrarías galegas.
- ✓ Inicio da construción dun sistema para o **registro e explotación da información recollida pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB)**.
- ✓ Inicio da construción dun sistema de soporte á xestión dos **descriptores do bo estado do medio mariño (DMEM)**.

Figura 14. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.4.- Territorio Intelixente, Verde e Resiliente

P11. PROGRAMA DIXITAL DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

O propósito deste programa é impulsar un modelo de rexión sostible e climaticamente responsable, reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, empregando as oportunidades que brindan as novas tendencias tecnolóxicas.

Un dos obxectivos que articula este programa trata de potenciar a vixilancia ambiental e, neste sentido, no ano 2021 desenvolveuse a **plataforma galega de información ambiental, GaIA**, cun portal creado no 2015 no que a cidadanía, empresas e administracións poden acceder á información ambiental de Galicia.

Nesta web, no 2025 desenvolveuse o apartado **Gaia "Plataforma de economía circular"** co fin de ofrecer asesoramento, formación e recursos tanto a empresas do sector industrial como a concellos, co obxectivo de fomentar a reutilización de recursos, reducir os residuos e promover un uso sostible dos materiais.

Outro novo apartado na web de Gaia, **"Pacto circular da moda"**, ten o fin de transformar o sector téxtil e da moda, promovendo a sostibilidade, a economía circular e a innovación.

Continuouse tamén co mantemento do portal Web de **Meteogalicia**, desenvolvendo un novo sistema para a comunicación de avisos e mellorando os anuncios no apartado de calidade do aire ou o visor de raios. Seguiuse ademais co proceso de migración dos sistemas de Meteogalicia á infraestrutura corporativa de AMTEGA.

No que atinxe aos **sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo**, neste 2025 incorporáronse novas funcionalidades no tramitador de expedientes para a **Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU)** e na aplicación de sinatura de documentos urbanísticos **SINDOC**.

No que se refire á xestión da **conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas** de Galicia, renovouse a **Oficina Virtual de Licenzas de Caza e Pesca** e

produciuse a Integración das licenzas de caza e pesca.

No relativo aos sistemas de información para a conservación e promoción e difusión do patrimonio natural de Galicia, no 2025 adaptouse a aplicación móbil (**ILLASR_MOBIL**) para a **lectura dos QRs** das autorizacións con dispositivos Zebra, para un control máis áxil dos accesos ás Illas por parte dos controladores do Parque Nacional.


Asimesmo, avanzouse no desenvolvemento da aplicación para a xestión de **autorizacións de fondeo e mergullo no Parque Nacional de Illas Atlánticas**.

Por outra banda, continuouse co mantemento e soporte dos **portais Web** de Illas Atlánticas, Patrimonio Natural e Reserva da Biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés, e continuouse cos traballos para a renovación do portal de Patrimonio Natural.



4.695
descargas da
nova **app móbil**
de pesca fluvial

Figura 15. Principais datos e logros acadados no 2025



Nova Oficina Virtual
de Caza e Pesca



1.1.4.- Territorio Intelixente, Verde e Resiliente

P12. PROGRAMA DE XESTIÓN INTELIXENTE DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN DE RISCOS

Este programa persegue ampliar a capacidade de monitorización e aplicación de técnicas preventivas para mellorar a protección do territorio galego e a súa cidadanía fronte aos diferentes riscos e posibles ameazas ás que están expostos.

En liña co obxectivo de incrementar a capacidade de resposta dos servizos de detección, prevención e xestión de riscos, desenvolveuse en 2022 un convenio entre a Consellería de Medio Rural, a Amtega e Retegal para o despregue da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

No que respecta á prevención e defensa contra os incendios forestais, as actuacións están enmarcadas no **Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA)** que ten por obxecto o establecemento da organización e os procedementos de actuación dos recursos para facer fronte aos incendios forestais dentro do

territorio galego.

Así, durante o 2025, leváronse a cabo medidas como:

- ✓ Actualización tecnolóxica e mellora de funcionalidades na plataforma de Xestión de Incendios **XEINFO** / **XeoCode**, como a visualización do posicionamento da UME.
- ✓ Implantación e evolución das integracións de XEINFO con outros sistemas.
- ✓ Desenvolvemento do **proxecto de aplicación IA para detección de lumes a partir de cámaras** de vixilancia do monte (AILUME).
- ✓ Melloras na xestión dos avisos e resposta dos interesados en XESBIO (Portal do cidadán / XEAGA).
- ✓ **Ampliación da capacidade do CAU Incendios** e medidas de estabilización.
- ✓ Conxerencia con AXUFOR da xestión de axudas de incendios e forestal: plataforma base única.
- ✓ **Mellora da análise e explotación de datos de xestión da biomasa.**

Xestión da biomasa

2.237.132

parcelas en faixas secundarias xestionadas

175.567 Ha.

superficie das parcelas en faixas secundarias xestionada

337.668

inspeccións xestionadas



Figura 16. Principais datos e logros acadados no 2025



Eixe 5

CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO

O Plan Director de Banda Larga de Galicia segue co seu labor de dotar de conectividade dixital de altas prestacións á totalidade do territorio galego. Neste senso é importante destacar o Plan de Conectividade e cohesión dixital como iniciativa impulsada pola Xunta, pioneira en España, que está a ser un referente en Europa para todos os países membros.

Tamén se deu continuidade as medidas preestabelecidas polo Estado no marco do PRTR, como a mellora de infraestruturas de telecomunicacións en edificios ou o Bono dixital para colectivos vulnerables.

No marco do Plan de Modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility), continuouse coa evolución do sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual (OTRANS), coa coordinación e seguimento no SAE de mobilidade de Galicia (SAEGAL) e a plataforma galega de mobilidade 4.0 (MoBT).



1.1.5.- Conectividade Dixital do Territorio

P13. PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS DIXITAIS - SOCIEDADE DO XIGABIT

A administración galega persegue dotar á totalidade da sociedade galega de conectividade dixital de altas prestacións, a través da sensorización do territorio e poñendo especial fincapé na redución da fenda dixital dos territorios rurais e dos colectivos mais illados, Impulsando a adopción das redes de banda larga.

O **Plan de Conectividade e cohesión dixital** é unha iniciativa pioneira en España, que está a ser empregada pola Comisión Europea como exemplo para o resto de estados membros.

Esta actuación estase a desenvolver de forma paliativa ao **Programa ÚNICO**, posto en marcha polo Goberno de España. Concedeuse ao operador Vodafone a subvención para o despregamento de redes móbiles por un importe de 2,2 millóns de euros.

Programa ÚNICO

A rede móbil, que se vai rematar antes de finalizar o ano 2026, ten como obxectivo dotar de **cobertura a entidades de poboación en contornas rurais**. Acadarase a cobertura de máis de 5.000 habitantes en **210 entidades de poboación**.

No ano 2025 rematouse a execución de **9 torres**, acadándose un total de **68 torres públicas**, das cales **59 xa están en servizo**.

Bono Dixital para pemes e colectivos vulnerables

En 2025 realizouse a xestión e pago das xustificacións mensuais recibidas polas entidades colaboradoras. Acadáronse un total de **388 bonos contratados** nas 3 convocatorias e realizouse o pago de **2.534 facturas** por un importe de **45.138,44€**.

Redes banda larga ultrarrápida

En 2025 continuou o **seguimento** da cobertura en entidades de poboación galegas (Programa ÚNICO), e da **explotación da rede de fibra óptica en polígonos industriais** financiada por fondos europeos, Xunta e Estado.

Nodo CONECTIVI.gal


No ano 2025, leváronse a cabo **3 actividades formativas** sobre conectividade e 1 reunión de organización coas **17 entidades adheridas** ao Nodo.

Continuouse traballando no mecanismo de colaboración co Goberno do Estado para a **axilización de permisos autonómicos** para o despregamento das redes de fibra óptica do UNICO Banda Ancha (**160 permisos** analizados e **139 desbloqueados**).

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) renovouse un ano máis o **servizo de asesoramento a concellos** sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.

Esta acción complementa ao servizo prestado pola **Oficina do Plan de Banda larga** con **300 consultas** resoltas da cidadanía, empresas, entidades locais e outras administracións.

Figura 17. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.5.- Conectividade Dixital do Territorio

P14. PROGRAMA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIXITAL E SOSTIBLE

Para avanzar en Galicia cara a un modelo sostible, intelixente, accesible e seguro de mobilidade que poida dar resposta ás actuais demandas da sociedade, durante o ano 2025 implementáronse distintas actuacións no seo do **Plan de Modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility)** e na xestión dixital do transporte e infraestruturas viarias.

Entre as principais novidades cómpre destacar:

- ✓ A posta en servizo dos novos contratos das sete zonas de conservación de estradas de Galicia.
- ✓ A formalización do contrato de desenvolvemento dun sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a Rede Autonómica e Estradas de Galicia (REAGA) denominado P_SIXPE.


- ✓ A adxudicación dun novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema de xestión para o control e mantemento das obras de paso e noiros (**EXOPA**) da rede autonómica de estradas de Galicia (**RAEGA**), cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027.
- ✓ A extensión do proxecto **QR Xente Nova** aos 127 contratos de transporte público regular de uso Xeral.
- ✓ A publicación da nova **APP MoBT**.
- ✓ Publicación de **información en tempo real** dos servizos de transporte regular de uso xeral en formato GTFS-RT dende SAEGAL.
- ✓ Comezo do **piloto family & friends de pago con móbil a través da nova APP MoBT**.
- ✓ Publicación do novo **portal web da Plataforma Galega de Mobilidade 4.0., MoBT**, que inclúe un planificador multimodal.



- ✓ Posta en marcha **dun cadro de mando para o seguimento da oferta de transporte público regular** de uso xeral.
- ✓ En licitación, o novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual, **OTRANS**.
- ✓ Novo módulo de **alertas meteorolóxicas integrado coa AEMET**.

23 M
billetes pagados
con tarxeta TMG
ou Xente Nova

Figura 18. Principais datos e logros acadados no 2025





Eixe 6

CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

A iniciativa “Memoria Dixital de Galicia” promove o impulso da dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia mediante a utilización das tecnoloxías da información, favorecendo novas modalidades de consumo interactivas e participativas.

O patrimonio cultural galego continúa o seu proceso de dixitalización a través do impulso de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia como plataforma de recolección de datos abertos e de xestión e difusión cultural, co labor de difusión da lingua galega a través da plataforma de tradución automatizada GAIO ou o Proxecto

Nós, ou dos instrumentos de xestión e difusión do Sistema de Arquivos de Galicia (ARQA), ou da rede dos museos dependentes da Xunta de Galicia.

Asimesmo, tamén é importante destacar as actividades levadas no seo do sistema de xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (XERPA).

No eido do turismo, estase a traballar na aplicación das novas tecnoloxías para xerar novos modelos de interacción baseados en dispositivos móbiles, na incorporación da gobernanza do dato no dominio turístico, e co emprego de novas comunicacións coa persoa turista para acadar un turismo máis intelixente e dixital.



1.1.6.- Cultura e Turismo Intelixente

P15. PROGRAMA DE CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

No ámbito do turismo intelixente, o emprego de novos modelos de comunicación e relación coa persoa turista, a explotación dos datos da súa pegada ou a introdución de servizos baseados en IA son os piares que guían as novas tendencias do turismo intelixente.

Baixo estas premisas, no 2025 formalizouse o contrato da plataforma de servizos dixitais de Turismo de Galicia. Tamén, mellorouse a información e seguimento do percorrido na aplicación do Camiño de Santiago, e incorporouse una rede de sensores de mobilidade. Do mesmo xeito, foron renovadas outras apps e canles dixitais de promoción como a app Galicia Termal. Asimesmo, implantouse un novo sistema de Inspección Turística, que permitiu rexistrar máis de 3.600 actuacións de inspección.

Na Plataforma de Intelixencia Turística, desenvolveuse un

sistema de analítica avanzada que anticipa a ocupación dos albergues do Camiño de Santiago e definiuse a **posta en marcha do goberno do dato** no dominio turístico.

No eido da Cultura, 1.115 bibliotecas das redes de bibliotecas municipais, escolares e especializadas son usuarias do sistema de xestión corporativo. Outras novidades no 2025 son a publicación do portal Furgoteca, a renovación dos portais das 6 bibliotecas nodais, a posta en marcha do servizo GaliciaLe+ ou a renovación do sistema da Librería Institucional.

En xestión do patrimonio, destacan a evolución de [Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia](#), así como o desenvolvemento de GalicianaSemántica para difundir o patrimonio dixitalizado galego, e de Galicia Nomeada, no que atinxe á toponimia.

Realizouse un piloto en GAIO cun motor de tradución baseado em modelos do Proxecto NÓS e deseñouse o sistema de catalogación da Filмотeca de Galicia.

Figura 19. Principais datos e logros acadados no 2025





Eixe 7

ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE

En materia de emprego, desenvóléronse diversas actuacións co obxectivo estratéxico de evolucionar e establecer novas canles de relación coa cidadanía e cos diferentes axentes implicados no proceso.

En canto ao impulso á empresa dixital, tras o remate da última edición do Programa Reacciona TIC no 2024, estívoase a preparar un novo programa cun enfoque máis amplo que se centra na implantación de tecnoloxías máis disruptivas dunha forma estratéxica nas empresas e cun campo de actuación profundo, ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade.

No eido das pemes e empresas, brindáronse diferentes actividades formativas e subvencións que trataron de mellorar a competitividade do tecido produtivo fomentando o emprego das novas tecnoloxías.

No ecosistema de produtores locais, desenvóléronse importantes melloras no Sistema de Xestión de Gandaría (XESGAN), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) ou no Sistema de Xestión do Banco de Terras de Galicia (SITEGAL).



1.1.7. Economía Dixital e Sostible

P16. PROGRAMA DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

Este programa engloba as diferentes áreas do Servizo Público de Emprego e Traballo (SPEG): Intermediación, Orientación e Formación así como os sistemas de promoción do emprego e relacións laborais.

Neste contexto, levouse a cabo a mellora e evolución de múltiples aplicacións clave dentro do ecosistema tecnolóxico do SPEG, entre as que destacan **SICAS, PROSAN, DELIRA, POREMP, MOBEM, KIOSCO, XEMI** e outros **sistemas asociados**, que constitúen a base operativa para a xestión da demanda de emprego, a intermediación, a comunicación coa persoa usuaria e o soporte aos procesos administrativos.

Entre as actividades desenvolvidas durante o 2025, destacan:

- ✓ Superación da **auditoría ENS2025** para as aplicacións do SPEG.

- ✓ Integración das funcionalidades de formación dentro de **MOBEM**.
- ✓ Posta en produción dunha **nova aplicación de xestión de libros de subcontratación** (LSUBCO).
- ✓ Posta en produción da xestión dos **obradoiros de formación**.
- ✓ Completouse o piloto de puntos de información en 3 oficinas de emprego co desenvolvemento da súa maqueta (**KIOSKO**) así como a licitación da **compra dos quioscos** para o resto de oficinas.
- ✓ Posta en produción dunha nova aplicación para expedición dos grados A, B e C en base ao establecido na Lei Orgánica 3/2023.
- ✓ Licitación da compra de **50 novos puntos de información** para oficinas de emprego e concellos.
- ✓ Desenvolvemento do sistema de autoperfilado na aplicación móbil en conexión con EMI.
- ✓ Realizouse o desenvolvemento dun **novo portal do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, CNTG** baseado en Drupal.

MOBEM – Aplicación para demandantes de Emprego



163.043
usuarios únicos

case 2,5 M
de accesos

Oficina Virtual do Demandante



373.000
usuarios activos

case 7 M
Buscas de ofertas de emprego

Figura 20. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.7. Economía Dixital e Sostible

P17. PROGRAMA DE TRANSICIÓN DIXITAL PARA A INDUSTRIA E A EMPRESA

Os obxectivos perseguidos coa implementación deste programa son impulsar a dixitalización empresarial, con foco nas pemes, aumentar a competitividade do tecido produtivo, fomentar o emprego das tecnoloxías dixitais e garantir que as empresas dispoñan de capital humano capacitado en materia de transformación dixital.

Impulso á empresa dixital

Ao longo de 2025, lanzouse a licitación para a contratación das empresas a través das que se prestarán os servizos do novo **Programa Gtech** para unha reactivación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora. En concreto, a través das distintas convocatorias do programa e no marco dos servizos vinculados á dixitalización, as pemes poderán acceder a servizos relacionados coas novas tendencias dixitais, onde ademais recibirán unha folia de ruta e capacitación para todos os implicados, todo isto co obxecto de lograr unha mutación

dos estándares nas pemes galegas cara unha maior dixitalización.

Desde o IGAPE lanzouse unha nova convocatoria das **axudas á dixitalización Industria 4.0**, enfocadas á posta en marcha de proxectos de dixitalización dirixidos á implantación de solucións para o soporte dixital dos procesos da empresa ou para a activación de proxectos de interconexión dixital entre distintas empresas.

No ámbito da Economía dixital, podemos destacar o programa de axudas **Bono Consolida en Economía Social** que apoian a consolidación de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción co obxectivo de contribuír ao seu incremento da produtividade e a unha mellora competitiva con especial incidencia na transformación dixital e na eficiencia enerxética.

Plan de Software Libre


No seo do Plan de Software Libre continuaron a desenvolverse actuacións co obxectivo de promover o impulso dunha oferta de solucións

libres e de calidade para as empresas, incrementar o uso e coñecemento do software libre por parte da sociedade e a reutilización de software na administración pública.

Entre estas accións destacan: unha nova solución TIC da Xunta de Galicia con licenza libre (Apunta), 8 solucións de software libre dispoñibles para probas na nube a través de Apeiría, a realización de múltiples accións formativas ou as accións de difusión do software libre a través do portal Mancomún.

Durante o ano 2025, o **portal Mancomún** mantívose como a principal canle pública de difusión do software libre en Galicia e como punto de encontro do ecosistema galego de tecnoloxías abertas.

Figura 21. Principais datos e logros acadados no 2025



1.1.7. Economía Dixital e Sostible

P18. PROGRAMA DIXITAL DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR DE PRODUTORES LOCAIS

Este programa persegue contribuír á adopción de tecnoloxías dixitais que xeren valor e melloren a competitividade do ecosistema de produtores locais, e entre os seus principais obxectivos destaca o desenvolvemento dunha canle de venda dixital segura e confiable que impulse o comercio de proximidade e a venda de produtos galegos.

No ámbito da xestión da promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos, no 2025 leváronse a cabo medidas como a posta en marcha do novo **Marketplace Experiencias de Calidade**, ou da infraestrutura corporativa da **plataforma de información fitosanitaria do viñado** con modelos epidemiolóxicos (**FITOVIT**).

Traballouse tamén na posta en marcha e mellora de distintos servizos dixitais enfocados aos ámbitos agrario e gandeiro que facilitan a estes sectores a xestión das explotacións e a relación coa


administración e con terceiros. Entre as actuacións destacan:

- ✓ Nos **sistemas de Gandaría**, púxose en marcha un **novo sistema de xestión dos movementos de gando de Galicia** (MOGAN).
- ✓ Pola súa banda, o sector da **apicultura** conta tamén cun novo sistema destinado á **xestión integral de axudas**.
- ✓ No **eido vitícola**, un **novo sistema de xestión do rexistro** incorporou catálogos e un visor xeográfico.
- ✓ Nas **explotacións agrarias**, os sistemas como o Rexistro de Explotación Agrarias de Galicia (**REAGA**) ou o sistema de Xestión de explotacións agrarias (**XEAGA**) seguiron a desenvolver melloras funcionais e técnicas, como o desenvolvemento dun novo sistema integral de soporte ao rexistro de explotacións agrarias de Galicia ou a publicación da app móbil de XEAGA.
- ✓ Neste eido tamén destaca a proposta e coordinación dun **modelo común** estatal de interoperabilidade de rexistros

agrarios e da integración entre sistemas autonómicos e estatais (SGAREX).

- ✓ No que se refire aos sistemas de información de xestión da concentración parcelaria traballouse na mellora do sistema de xestión do **Banco de Terras de Galicia** (SITEGAL).
- ✓ En 2025, o sistema de información **XALEA** consolidouse como plataforma integral para a xestión das **axudas LEADER**. Un dos avances máis relevantes no 2025 foi a súa integración cos principais sistemas corporativos da Xunta, como PASAXE, REXEL e ARPAD, configurando un ecosistema interoperable que automatiza procesos.
- ✓ Na **Oficina Virtual do Medio Rural** ao longo do ano 2025 realizáronse melloras nos servizos ofrecidos ao cidadán, así como o fortalecemento da interoperabilidade con outros sistemas e a actualización tecnolóxica da plataforma.

Figura 22. Principais datos e logros acadados no 2025





Eixe 8

ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Para lograr un sólido posicionamento de Galicia no contexto dixital, no 2025 seguiuuse a evolucionar as diferentes liñas de apoio e impulso ao ecosistema dixital de Galicia.

Así, consolidouse o Ecosistema Gobtec, coa posta en marcha de diferentes retos tecnolóxicos e a incorporación das tecnoloxías disruptivas en diferentes ámbitos da administración.

O centro GaiasTech seguiu a promover a innovación e o coñecemento especializado, así como seguiron a ser fundamentais as liñas de axuda proporcionadas polo IGAPE ou o GAIN, que estimulan a innovación e o crecemento exterior do sector TIC.



P19. PROGRAMA PARA A POTENCIACIÓN DA COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN DO ECOSISTEMA DIXITAL

Ecosistema GobTec

Durante o ano 2025, continuouse traballando na evolución da estratexia do **Espazo Gobtec Galicia**, incorporando aprendizaxes derivadas da execución dos retos e da interacción cos diferentes axentes do ecosistema, garantindo así unha adaptación ás necesidades reais da Administración e do tecido empresarial.

Neste marco, impulsouse a posta en marcha de **3 retos tecnolóxicos (LLM, plataforma Educación e Administración 360)** para a incorporación de tecnoloxías disruptivas na Administración pública. En paralelo, realizouse un exercicio de **benchmarking de iniciativas GovTech a nivel nacional e europeo**, co obxectivo de identificar boas prácticas e modelos de referencia que permitan reforzar o posicionamento do Ecosistema Gobtec e mellorar a eficacia das actuacións desenvolvidas.

Impulso ao ecosistema dixital galego

O **Centro GaiásTech** promoveu durante o 2025 a **xeración do talento** xoven como xerme para a creación de propostas de maior valor para as nosas empresas, así como a **especialización profesional**. Igualmente, continuou a desenvolver o seu labor de **formación e difusión tecnolóxica**, funcionando como centro demostrador innovador e lugar de encontro entre o tecido TIC galego.


Outra medida de impulso á innovación é a que representan, entre outras, as axudas incluídas nas liñas de axudas do IGAPE, entre elas **Igape Innova**, As **Axudas Ciberseguridade** ou o **Programa IA360**, esta última cun investimento superior aos 16 M€.

Támén, como parte do proxecto de renovación de infraestruturas do **nodo CESGA, Centro de Supercomputación de Galicia**, recollido no **plan estratéxico da Instalación Científico Técnica do Estado**, Rede Española de Supercomputación licitouse:

- ✓ A construción dun **Novo Data Center** para aloxar as infraestruturas CESGA, cun presuposto de 13 M€.
- ✓ Supercomputador optimizado para IA FinisTerra IV incluíndo un sistema de almacenamento de datos por 25 M€.
- ✓ Diversos equipos para computación cuántica por 9 M€.

Asimesmo, abordouse polo CESGA o proxecto de despliegue dun **Demostrador de Espazo de Datos** con foco nunha saúde global, OneHealth Dataspace por 3 M€.

Figura 23. Principais datos e logros acadados no 2025



P20. PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDEMENTO DIXITAL E PROXECCIÓN EXTERIOR DO HIPERSECTOR TIC

Neste programa destacan algunhas das iniciativas levadas a cabo para o fomento, promoción e difusión do sector TIC galego e que serven para fomentar o emprendemento e a creación de empresas.

A posta en marcha dos **Programas de incubación e aceleración Business Factory** supuxeron un fito moi relevante e seguíronse a impulsar as iniciativas de aceleración **BFFood**, **BFAuto** e **BFAero** das que participan o IGAPE, a GAIN e a Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Pechado (Xesgalicia). En 2025 os programas centráronse en tres verticais estratéxicos: **automoción/movibilidade**, **aeronáutica/aeroespacial** e **alimentación**.

Ao longo do 2025 desenvóléronse a través da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** 2 programas a destacar:

- ✓ **Programa IGNICIA Proba Concepto 2025** co obxectivo

de levar ao mercado os resultados científico-tecnolóxicos xerados nos centros de coñecemento galegos con potencial de xeración de resultados comercializables.

- **Programa RECUPERACIÓN EXCELENCIA NEOTEC 2025**, destinada a apoiar os novos proxectos empresariais de pequenas empresas innovadoras.

O orzamento adxudicado TIC nestas 2 iniciativas superou os 600.000 euros no 2025.

Nesta liña de apoio ao emprendemento, desenvóléronse tamén as axudas ligadas ao **Programa Neotec**, levados a cabo en colaboración con outros organismos como GAIN ou IGAPE.

Outras liñas de axuda promovidas polo IGAPE, como **Galicia Exporta Dixital**, ou **Galicia Exporta Empresas** estimularon o crecemento e a proxección exterior do hipersector TIC galego.



+33 M
nas liñas de axuda do IGAPE ao desenvolvemento TIC en 2025

Figura 24. Principais datos e logros acadados no 2025





2. INICIATIVAS DESTACADAS ADAPTADAS AOS NOVOS ESCENARIOS

2.1.- Principais logros e avances

2.1.-PRINCIPAIS LOGROS E AVANCES

Móstrase a continuación o avance nas iniciativas destacadas para a **adaptación da Estratexia Dixital de Galicia 2030 aos novos escenarios**, que se proxectaron como resultado da análise global da evolución normativa, estratéxica, política, socioeconómica e tecnolóxica que se realizou á fin do 2024, ao cumprir catro anos de andaina a EGD2030.

1. GOBERNANZA TIC

Iniciativa #01. Establecer un marco de gobernanza TIC sostible

Desenvolvemento e implementación dun marco de gobernanza TIC sostible, que permita **priorizar o investimento en tecnoloxías con impacto a longo prazo, a anticipación aos cambios tecnolóxicos para dar respostas eficaces ás oportunidades** que se presenten para Galicia e definir mecanismos para a **colaboración interadministrativa e público-privada**, co obxectivo de maximizar os investimentos.

Este marco garantirá a xestión eficiente dos recursos, asegurando a transparencia e sostibilidade do gasto público.




Figura 25. Grado de avance da Iniciativa #01

Iniciativa #02. Reforzar o modelo de ciberseguridade de Galicia

Fortalecemento do marco de ciberseguridade de Galicia coa aprobación dun **Modelo de xestión de crises** e un **Protocolo de comunicación de ciberincidentes para a Xunta de Galicia**, asegurando unha resposta coordinada e eficaz fronte aos crecentes incidentes dixitais e ciberameazas cun enfoque preventivo.

Avanzar na concienciación da cidadanía con iniciativas, actividades e recursos para informar e formar sobre as ameazas e ataques cibernéticos e o uso seguro de Internet para aproveitar as oportunidades da nova era dixital.




Figura 26. Grado de avance da Iniciativa #02

Iniciativa #03. Aprobar a Estratexia galega de xestión do dato

Avanzar no **modelo de Administración orientada ao dato** coa posta en marcha da Estratexia galega de xestión de datos. Este novo marco estratéxico permitirá unha **optimización da toma de decisións** e o **deseño de políticas**

públicas baseados en **modelos de análise avanzada**.

Ademais, neste novo enfoque o valor estratéxico dos datos combinado co uso das tecnoloxías de nova xeración, facilitará unha transformación da

relación entre a Administracións galega e cidadanía, ao tempo que impulsa a economía do dato ao redor de espazos comúns de datos.




Figura 27. Grado de avance da Iniciativa #03

iniciativa #04. Diseñar un Plan rexional para a promoción da IA

Diseñar un **plan integral para a promoción da IA**, que terá por obxectivo **identificar, ordenar e priorizar os recursos** en relación co despregue da IA na rexión e optimizar os esforzos da Xunta de Galicia, evitando solapamentos e **promovendo sinerxías** entre os distintos axentes clave.

Coa colaboración das diferentes Consellerías, identificar as accións necesarias para incorporar a intelixencia artificial nos seus servizos e fomentar o seu uso entre a cidadanía, especialmente entre

as empresas e pemes galegas.

Nesta tarefa, teñen un papel destacado tres organismos: IGAPE, encargado de promover a adopción da IA para o crecemento económico das empresas e pemes; GAIN, como axente clave na promoción de innovación rexional, neste contexto mediante a IA; e AMTEGA, como organismo principal encargado de liderar a transformación dixital de Galicia e a implementación de IA en toda a comunidade.




Figura 28. Grado de avance da Iniciativa 04

2. PROXECTOS TRACTORES

Iniciativa #05. Implementar o Xemelgo Dixital de Galicia

Implementación do Xemelgo Dixital da rexión para modelar e optimizar a **xestión territorial**, como apoio á administración pública na **toma de decisións** e na oferta duns **servizos públicos de calidade** á cidadanía.

Da mesma forma, o Xemelgo Dixital permite o desenvolvemento de **simulacións de escenarios**

para facer fronte a **emerxencias e crises**, creando unha **administración máis resiliente**, preparada e coa **capacidade de adaptación** aos cambios.




Figura 29. Grado de avance da Iniciativa #05

Iniciativa #06. Impulsar o despregamento de redes e cobertura no rural

Reforzo dos esforzos na extensión territorial da conectividade, dando continuidade ao **despregamento da infraestrutura de telecomunicacións** para a vertebración dixital rexional de Galicia, co obxectivo de reducir as fendas dixitais territoriais entre zonas urbanas e rurais.

Esta iniciativa estratéxica permite ofrecer **acceso a redes e cobertura móbil de última xeración**, garantindo o **acceso universal** ás TIC e fortalecendo as capacidades de resposta ante crises ou emerxencias, avanzando cara un ecosistema dixital galego resiliente e cohesionado.




Figura 30. Grado de avance da Iniciativa #06

Iniciativa #07. Impulsar unha Xunta de Galicia 100% dixital

Impulso dun modelo de **administración 100% dixital**, universalizando o **acceso ao catálogo de xestións e trámites administrativos** da Xunta de Galicia a través de **medios dixitais**.

Este enfoque permite reducir o uso de papel, garantir a accesibilidade ás xestións e servizos públicos, a transparencia, a eficiencia e a seguridade nas interaccións coa cidadanía, empresas e institucións.




Figura 31. Grado de avance da Iniciativa #07

Iniciativa #08. Promover un Plan Director TIC

Colaboración no impulso do Plan Director da Industria TIC, participando como Axencia xunto co resto de axentes implicados na **definición e priorización de actuacións** que contribúan ao **desenvolvemento coordinado e integral** dun marco común que potencie a innovación, a colaboración público-privada e o crecemento económico; situando ao sector tecnolóxico de Galicia como referente.




Figura 32. Grado de avance da Iniciativa #08

Iniciativa #09. Fortalecer a resposta fronte a emerxencias

Reforzo da infraestrutura de resposta ante emerxencias e da **Rede TETRA**, aproveitando os avances tecnolóxicos dispoñibles e integrando **capacidades avanzadas de comunicación e análise de datos** en tempo real, co obxectivo de mellorar a **coordinación institucional**, axilizar a **capacidade de resposta** e **fortalecer a resiliencia** rexional.

Neste sentido, impulsar a Rede iCousas, avanzando cara a integración de sistemas de alerta temperá e **xestión eficiente e inmediata** de emerxencias.




Figura 33. Grado de avance da Iniciativa #09

Iniciativa #10. Impulsar a candidatura galega para acoller unha Factoría IA

Impulso dunha **candidatura galega** para acoller a **sede dunha das factorías de IA** que a Comisión Europa prevé crear na Unión Europea a través das convocatorias da Empresa Común de Informática de Alto Rendemento Europea (EuroHPC JU).

As factorías de IA buscan crear ecosistemas dinámicos de impulso á innovación e a colaboración no desenvolvemento de modelos avanzados e fiables de IA, utilizando a supercomputación de EuroHPC para desenvolver modelos de IA xerativa.



Figura 34. Grado de avance da Iniciativa #10

3. EMPRESAS

Iniciativa #11. Impulsar programas de capacitación especializada sectoriais

Desenvolvemento de **programas de formación especializada en tecnoloxías avanzadas para profesionais**, deseñados especificamente para dar resposta ás necesidades de capital humano capacitado que demandan os sectores tradicionais e estratéxicos de Galicia.

Esta iniciativa ten por obxectivo **potenciar a xeración de talento dixital** en Galicia, promovendo a capacitación en tecnoloxías emerxentes e aplicadas a cada sector, a través da colaboración entre o sector público, o privado e a academia, contribuíndo a fortalecer a competitividade de Galicia na economía dixital.




Figura 35. Grado de avance da Iniciativa #11

Iniciativa #12. Diseñar un programa de acompañamento ao investimento TIC

Desenvolvemento dun **Programa de acompañamento e impulso do sector TIC** de Galicia co obxectivo de **atraer investimento** e situar ao sector tecnolóxico galego como motor de crecemento económico da comunidade.

Nesta liña, promocionar un **canal de atención integral** dirixido ás empresas TIC galegas a través da **Oficina Económica de Galicia**, establecendo un punto único de contacto entre a Administración e as empresas tecnolóxicas e avanzando na **simplificación dos trámites administrativos** para as pemes TIC.




Figura 36. Grado de avance da Iniciativa #12

Iniciativa #13. Impulsar un programa de transformación dixital dos sectores produtivos

Fomento dunha **visión sectorial da transformación dixital** a través da posta en marcha de **Programas de dixitalización empresarial dos sectores económicos** de Galicia, co obxectivo de modernizar os procesos produtivos tradicionais aproveitando o potencial que ofrecen as tecnoloxías emerxentes.

Dende esta perspectiva impulsarase a **adopción de solucións dixitais e tecnoloxías de vangarda de aplicación sectorial**, adaptadas a cada industria.




Figura 37. Grado de avance da Iniciativa #13

Iniciativa #14. Promover un modelo de servizos 360° para pemes

Promoción dun **modelo de servizos para pemes galegas**, que aproveite o potencial da analítica avanzada do dato para deseñar e implementar servizos **proactivos e personalizados** para as pequenas e medianas empresas de Galicia.

A **optimización do uso do dato** permite o **perfilado e segmentación das empresas**, o establecemento de **recomendacións de servizos** baseadas nas súas necesidades e expectativas ou a **oferta proactiva de programas de axudas e subvencións**, fortalecendo a xestión das relacións entre a Administración Pública e o tecido empresarial galego.




Figura 38. Grado de avance da Iniciativa #14

4. CIDADANÍA

Iniciativa #15. Desenvolver un novo modelo de identidade dixital galega

Desenvolvemento dun **novo modelo de identidade dixital galego**, aliñado novo concepto europeo de identidade dixital da Unión Europea, evolucionando dun esquema de identificación

dixital da cidadanía cara a un **esquema de identidade baseado en atributos e credenciais**, sinxelo, seguro e confiable para operar na contorna dixital.

A posta en marcha desta iniciativa mellora a confianza, seguridade e accesibilidade ao mundo dixital, garantindo o cumprimento dos estándares de seguridade, privacidade e interoperabilidade.




Figura 39. Grado de avance da Iniciativa #15

Iniciativa #16. Impulsar a capacitación e certificación dixital da cidadanía

Impulso da **capacitación dixital da cidadanía**, avanzando na formación adaptada aos diferentes niveis de coñecemento dixital e necesidades das persoas, así como na **certificación das competencias dixitais básicas e avanzadas** en liña co Marco de Competencias Dixitais.

Na mesma liña, promoción da **inclusión e alfabetización dixital** para continuar afondando na redución das **fendas dixitais**, garantindo a **participación plena** das persoas na sociedade dixital.




Figura 40. Grado de avance da Iniciativa #16

Iniciativa #17. Evolucionar a carpeta cidadá da Xunta de Galicia

Evolución da **carpeta cidadá da Xunta de Galicia** cara un espazo enfocado na **personalización dos servizos** públicos ofrecidos ao cidadán, ao tempo que **centraliza o acceso universal, sinxelo e seguro** á totalidade dos trámites, procedementos e información persoal de cada persoa.

A evolución da carpeta cidadá **facilita a relación entre a Administración e os administrados** a través un **único punto de interacción** mellorado, que ofrece **recomendacións proactivas** a cada persoa adaptadas ás súas necesidades.




Figura 41. Grado de avance da Iniciativa #17

Iniciativa #18. Promover unha atención cidadá máis multicanal

Promover o reforzo do **modelo de servizo multicanal** para a **interacción entre Administracións públicas e a cidadanía**, avanzado no establecemento xeral da omnicanalidade para a atención e prestación duns **servizos públicos máis flexibles, accesibles e inclusivos**, adaptados ás necesidades de cada usuario.




Figura 42. Grado de avance da Iniciativa #18

Iniciativa #19. Poñer en marcha un pacto polos dereitos dixitais

Posta en marcha dun pacto rexional polos dereitos dixitais, un **compromiso conxunto entre a Administración e a sociedade civil** para impulsar un **marco desenvolvemento universal, inclusivo e ético da tecnoloxía**.

O pacto promoverá o desenvolvemento ético e humanístico como eixo central da transformación dixital, asegurando a protección dos **dereitos e liberdades das persoas** na contorna dixital, o

desenvolvemento de **espazos e solucións dixitais seguras participación plena e equitativa** da cidadanía no mundo dixital.




Figura 43. Grado de avance da Iniciativa #19



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

3. ADAPTACIÓN DA EGD2030

3.1.- Actualización das metas

3.1.-ACTUALIZACIÓN DAS METAS


A EGD2030 establece unha serie de ambiciosos **obxectivos** para **transformar dixitalmente a sociedade galega** en diversos ámbitos, dende a conectividade territorial ata a inclusión dixital e a competitividade empresarial.

Nesta liña, cómpre analizar os **avances acadados** para a consecución das **metas definidas pola estratexia e os incluídos na avaliación intermedia**, realizada no 2024, ata a data desta avaliación actual, reflectidos nos indicadores clave de desempeño da dixitalización da rexión galega que aquí se presentan.

Os datos amosan **avances significativos**, como o incremento da cobertura de poboación con internet a grande velocidade, a porcentaxe de persoas que realizan trámites coas Administracións a través da canle dixital, as empresas que empregaron tecnoloxías de Intelixencia Artificial ou o nivel de confianza da poboación en internet.

Ademais, debe salientarse o camiño percorrido na adopción de tecnoloxías avanzadas, demostrando a **aposta de Galicia por un futuro dixital**, cun horizonte claro para 2030, no que Galicia consiga o reforzo da súa competitividade.

Táboa 1. Porcentaxe de alcance das Metas da EDG2030 actualizadas



* Dato de 2022
** Dato de 2023
*** Dato de 2024

Fonte: OSIMGA, INE, IGE e Ontsi



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

4. INVESTIMENTO MOBILIZADO

4.1.- Investimento distribuído por Eixes estratégicos

3.1.-INVESTIMENTO DISTRIBUÍDO POR EIXES ESTRATÉXICOS

Durante o ano 2025, as actuacións postas en marcha derivaron na mobilización dun investimento total de máis de 390 millóns de euros, entre capital público e privado.


A esta cantidade é preciso engadir a importante achega derivada dos proxectos emprendidos polo CESGA - Centro de Supercomputación de Galicia, que licitou, con fondos MRR do PERTE CHIP, a construción dun novo Data Center por 13 M€ e un supercomputador optimizado para IA FinisTerra IV por 25 M€. Abordou tamén o proxecto de despregamento dun Demostrador de Espazo de Datos, OneHealth Dataspace, por 3 M€. No 2025 comunicouse tamén a concesión do proxecto para aloxar a EUROHPC JU 1Health AI Factory, por un importe de 82 M€. **Estas iniciativas sumarían polo tanto un total de 132 M€** proxectados á cantidade mobilizada no 2025.

Este investimento mobilizado permite seguir avanzando na consecución dos obxectivos marcados en cada un dos eixos da Estratexia Galicia Dixital 2030 e polo tanto contribúe de maneira integral ao proceso de transformación dixital do territorio.

As inversións realizadas beberon de fondos propios da Amtega e doutras administracións galegas implicadas coa Estratexia, así como de fondos europeos.

Figura 44. Investimento mobilizado no 2025

390.330.441,43 € de investimento mobilizado no 2025



ANEXO I. ÍNDICE DE FIGURAS

[Figura 1. Estrutura estratéxica da EGD2030](#)
[Figura 2. Aliñamento estratéxico da Estratexia Galicia Dixital 2030](#)
[Figura 3. Áreas de actuación da EGD2030](#)
[Figura 4. Eixes estratéxicos da EGD2030](#)
[Figura 5. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 6. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 7. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 8. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 9. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 10. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 11. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 12. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 13. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 14. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 15. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 16. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 17. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 18. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 19. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 20. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 21. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 22. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 23. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 24. Principais datos e logros acadados no 2025](#)
[Figura 25. Grado de avance da Iniciativa #01](#)
[Figura 26. Grado de avance da Iniciativa #02](#)
[Figura 27. Grado de avance da Iniciativa #03](#)
[Figura 28. Grado de avance da Iniciativa #04](#)
[Figura 29. Grado de avance da Iniciativa #05](#)

[Figura 30. Grado de avance da Iniciativa #06](#)
[Figura 31. Grado de avance da Iniciativa #07](#)
[Figura 32. Grado de avance da Iniciativa #08](#)
[Figura 33. Grado de avance da Iniciativa #09](#)
[Figura 34. Grado de avance da Iniciativa #10](#)
[Figura 35. Grado de avance da Iniciativa #11](#)
[Figura 36. Grado de avance da Iniciativa #12](#)
[Figura 37. Grado de avance da Iniciativa #13](#)
[Figura 38. Grado de avance da Iniciativa #14](#)
[Figura 39. Grado de avance da Iniciativa #15](#)
[Figura 40. Grado de avance da Iniciativa #16](#)
[Figura 41. Grado de avance da Iniciativa #17](#)
[Figura 42. Grado de avance da Iniciativa #18](#)
[Figura 43. Grado de avance da Iniciativa #19](#)
[Figura 44. Investimento mobilizado no 2025](#)

ANEXO II. ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. [Porcentaxe de alcance das Metas da EDG2030 actualizadas](#)



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027